

ANÁLISE DAS PRIORIDADES DO GASTO PÚBLICO GALEGO EN MOVIDAS DA SOCIEDADE DO ESPECTÁCULO, XACOBEAS, FESTEIRAS, FUTBOLEIRAS, EDUCATIVAS, UNIVERSITARIAS E DE INVESTIGACIÓN

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Ideoloxía proclamada; Práctica real; Prioridades; Gasto público; "Excelencia"; "Brillo" universitario; Movidas varias.*

Key words: *Proclaimed ideology; Real practice; Priorities; Public expenditure; "Excellence"; University "brilliance"; Several moves.*

Resumo

Neste artigo analízanse as prioridades do gasto público autonómico e municipal para poñer de manifesto que unha cousa é a necesidade de investir en educación, universidade, investigación, para facer fronte ó desenvolvemento tecnolóxico, para conseguila "excelencia", o "brillo" universitario... e outra moi diferente a práctica real, o gasto real en movidas festeiras, operísticas, futboleiras...

Abstract

This paper discusses the priorities of public expenditure both autonomous and municipal in order to show that one thing is the need to invest in education, university, research, to face technological development, to seek the "excellence", the university "brilliance" ... and a very different one is the real practice, the real expenditure in festive, operatic, footballing moves.

1. INTRODUCCIÓN

Nos cadros 1, 2 e 3 recóllense datos oficiais relativos ó gasto público galego en diferentes partidas para tratar de explicar onde se poñen as prioridades do gasto público nun país como Galicia, que está máis de 40 puntos por debaixo da media europea do PIB. España está a máis de 30 puntos por debaixo da devandita media.

Levamos a cabo esta análise comparativa sobre as prioridades do gasto público nunha época na que os principais dirixentes públicos mundiais, internacionais, estatais, autonómicos, os principais expertos internacionais en economía, en desenvolvemento socioeconómico sostido declaran reiteradamente que o investimento en educación, universidade, investigación, en infraestructuras documentais, educativa, universitaria e para a investigación, en estatísticas, bancos de datos..., é estratéxico, esencial para poder manterse e competir económica, industrial, científica, tecnolóxica e culturalmente.

Análise das prioridades do gasto público galego en movidas da sociedade...

PRESUPOSTOS MOVIDAS VARIAS, SOCIEDADE DO ESPECTÁCULO	Millóns ptas.
Presuposto RTVG (1994). O 75% contribución pública	11.351,0
Presuposto do Xacobeo 93 (Xunta) e Compostela 93 (Consortio: Goberno central, autonómico, local), só en actuacións musicais, artísticas	Máis de 3.000,0
Julio Iglesias, embaixador do Xacobeo 93	300,0
Presuposto Auditorio de Galicia, ano 1994	1.180,0
Festas Apóstolo 93 (pagamento a cantantes, pregóns, artistas varios)	
Pregón de Aitana Sánchez Gijón	2,6
Actuación de Loquillo	3,5
Actuación de Víctor Manuel e Ana Belén	7,0
Antoloxía do bolero (cubanos, 2 días, 15 artistas)	2,76
Actuación de Gila	2,2
Actuación de Los Panchos (que, finalmente, non actuaron)	2,35
Subvención Concello de Santiago ó equipo de fútbol Compostela S.D.	Máis de 30 millóns/ano

Cadro 1.- Movidas mediáticas, xacobeas, rockeiras, clásicas, festeiras, futbolleiras

PRESUPOSTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA EN EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE, INVESTIGACIÓN, BIBLIOTECAS, ESTADÍSTICAS, ETC.	Millóns ptas.
Institutos de 2º ensinanza (Xunta)	
Presuposto anual medio de mantemento/actividades, curso 93-94, institutos galegos, 600-800 alumnos e 40-60 profesores	Entre 4 e 6
Universidade, Investigación (Xunta)	
Contía das bolsas propias concedidas pola Xunta para as 3 universidades (1994)	171,74
Bolsas de terceiro ciclo para investigadores galegos fóra de Galicia e edición de publicacións científicas	420,00
Presuposto de investigación da Xunta (1994):	
— en "investigación científica"	1.080,0
— en "investigación técnica e aplicada"	789,64
Financiamento estudos terceiro ciclo das universidades galegas, investigación tecnolóxica de titulados superiores e participación investigadores galegos en reunións científicas	130,66
Para reunións científicas, congresos, seminarios, etc. e o intercambio de comunicacións científicas	10,0
Axudas a asociacións estudiantís universitarias para actividades culturais e científicas	2,0

Outras partidas do presuposto xeral Xunta-94	
Educación especial	1.579,16
Ensinanzas artísticas	1.042,76
Formación e perfeccionamento do profesorado	504,29
Fomento da lingua galega	2.934,49
Presuposto de institucións públicas. Xunta- 94	
Instituto Galego de Estatística	443,29
Instituto Galego de Actividades Escénicas e Musicais (IGAEM)	649,82
Servicio Galego de Promoción da Igualdade Home e Muller	345,10
Escola Galega de Administración Pública	369,62

Cadro 2.- Presupostos xerais da Xunta de Galicia en educación, universidade, investigación, bibliotecas, estatísticas, etc.

Os datos anteriores foron elaborados a partir dos orzamentos oficiais dos devanditos organismos presentados nas instancias correspondentes e feitos públicos.

ORZAMENTO CLASIFICACIÓN FUNCIONAL	Millóns ptas.
Docencia	
Escola Práctica Xurídica	5,0
Instituto de Criminoloxía	10,5
Instituto Ciencias Educación	35,5
Prácticas de campo	4,0
Mérito docente (incentivos docentes)	394,0
Salarios persoal docente	3.350,0
Cargos académicos (decanos, etc.)	65,0
Investigación	
Investigación departamentos	550,0
Instituto da Lingua Galega (ILGA)	6,5
Instituto de Desenvolvemento e Estudos de Galicia (IDEGA)	4,0
Instituto Dereito Industrial	0,12
Fomento de Cooperación Científica	2,5
Oficina Transferencia Tecnoloxía	11,5
Servicios Xerais de Investigación	100,0
Reunións científicas	5,0
Encontros científicos	1,5
Visitas investigadores	6,0
Infraestructura laboratorios FEDER	22,0
Salarios persoal investigador	2.950,0
Sexenios (incentivos á investigación)	150,0
Cargos académicos (directores dpto., etc.)	80,0

Extensión universitaria	
Extensión universitaria deportes	135,0
Extensión universitaria cultura	82,0
Subvención Auditorio de Galicia	15,0
Subvención Fundación Cela	4,0
Asociacións estudiantís	14,0
Infraestr.e servicios para docencia e investig.	
Servicios Medios Audiovisuais (SERVIMAV)	36,0
Observatorio astronómico	4,0
Arquivo histórico	46,0
Biblioteca xeral	265,0
Servicio de publicacións	50,0
Servicio teledocumentación	16,0
Museo Luis Iglesias	9,5
Reparación material e conservación científico	30,0
Bibliotecas centros	405,0
Goberno	
Consello Social	24,0
Persoal alta dirección	10,0
Atencións protocolarias	12,0
Secretarías de dirección	140,0
Cargos académicos (Rector, Vicerrectores, etc.)	20,5
Salarios persoal	216,0
Infraestructura e prestación de servicios xerais	
Imprenta	72,0
Comunicacións	720,0
Servicios informáticos	145,0
Servicio normalización lingüística	19,0
Seguridade	171,0
Parque móbil	29,0
Limpeza	288,0
Unidade mantemento	75,0
Asistencia á comunidade universitaria	
Residencias	379,0
Escola infantil	51,0
Bolsas transporte	8,5
Acción social	17,0
Promoción comunidade universitaria	
Formación áreas difícil captación	12,0
Convenios internacionais	18,0
Axudas para sufragar custo teses doutoramento	30,0
Bolsas de terceiro ciclo	7,5
Estadías curtas dos bolseiros	48,0
Bolsas de viaxe	34,0
Asistencia e promoción da contorna social	
Instituto de Idiomas	62,0
Centro de Documentación Europea	8,0

Cadro 3.- Orzamento da Universidade de Santiago

Estimación 1994 do presuposto da Universidade de Santiago de Compostela a partir da publicación do seu Vicerrectorado de Asuntos Económicos *Clasificación funcional do presuposto, 1992*. Incrementáanse nun 20% as partidas do presuposto de 1992 da devandita publicación, redondeándoas. O total do presuposto de 1992 é de 12.673 millóns de pesetas. A estimación para 1994 sería dun orzamento universitario de 15.210 millóns de pesetas redondeados. No curso 1991-1992, a Universidade de Santiago de Compostela tiña 35.037 estudantes dos tres ciclos universitarios, 1.645 profesores e 951 membros do persoal de administración e servicios. En 1995, segundo o rector Darío Villanueva, "Cinco séculos de ciencia e de saber", *El Correo Gallego* (suplemento dedicado ó V Centenario da Universidade de Santiago, de 21/09/95, p. III) a Universidade de Santiago de Compostela "conta con máis de 40.000 estudantes nos campus de Santiago e Lugo, 2.000 profesores e 1.000 membros do persoal de administración e servicios, 74 departamentos, 11 institutos de investigación, máis de 200 grupos investigadores", distribuídos en 26 centros e 50 titulacións.

2. ANÁLISE COMPARATIVA DOS PRESUPOSTOS: PRIORIDADE TOTAL Á MOVIDA, Ó SHOW, Á SOCIEDADE DO ESPECTÁCULO E DA IMAXE

Se analizámo-los presupostos reseñados nos cadros 1, 2 e 3, relativos ás movidas mediáticas, xacobeas, rockeiras, clásicas, festeiras, futboleras, ós presupostos xerais da Xunta en educación, universidade, investigación, bibliotecas, estatísticas, etc., e ós presupostos da Universidade de Santiago, pódese dicir que, malias as grandes proclamacións sobre a necesidade de considerala educación, universidade, investigación... como investimentos estratéxicos e fundamentais para poder competir internacionalmente, para poder facer fronte ós desafíos da terceira revolución industrial; a pesar das grandes invocacións á excelencia universitaria, o brillo..., en España e Galicia a prioridade do gasto público é para a movida, para as movidas varias, a sociedade do show, o espectáculo e a imaxe.

A Universidade de Santiago, en cincocentos

anos de historia, ten practicamente o mesmo orzamento có organismo autonómico de Radio e Televisión de Galicia (RTVG), que está celebrando o seu décimo aniversario.

O Auditorio de Galicia, con seis anos de historia, ten un orzamento oficial en 1994 de 1.180 millóns de pesetas (ingresos de recadación previstos ¡¡35 millóns de pesetas!!). En 1994, o orzamento do Auditorio supera á Universidade de Santiago, e a toda a súa historia quinto centenaria, en todas as partidas reseñadas de docencia, investigación, extensión universitaria, bolsas, residencias, bibliotecas, infraestructura universitaria e servicios, agás nas partidas destinadas ó importe total dos salarios destinados á docencia e investigación de todo o profesorado. E, posto que falamos de salarios, os do persoal do auditorio para o devandito ano eran os seguintes, axudas de custo e outras bicocas á parte:

CARGOS	Ptas/Ano	Ptas/mes	Ptas netas/mes (aproximadamente)
Xerente	6.967.430	580.619	400.000
Administrador	4.080.942	340.078	250.000
Oficial administr.	2.824.938	235.411	180.000
Auxiliar administ.	2.271.946	189.328	150.000
Vixiante			
Porteiro	2.052.854	171.071	130.000

Os salarios do profesorado universitario, sen incluír incentivos (a estes incentivos docente e investigador só teñen dereito os profesores funcionarios con, cando menos, dous anos de antigüidade), era o seguinte en 1993:

CATEGORÍA PROFESIONAL	Nivel	Ptas/mes	Ptas netas/mes (aproximadamente)
Catedrático Univ.	29	400.412	280.000
Prof. Titular Univ.	27	304.352	240.000
Prof. Titular de E.U.	26	267.076	210.000
Prof. Contratado Asociado a tempo completo		254.264	180.000
Prof. Contratado Axudante (Facultade e Escola Técnica Superior)= Axudante do 1º período (2 anos)		172.143	140.000
Axudante 2º período (3 anos)		203.118	160.000

Como se pode comprobar, o salario do xerente do auditorio é moi superior ó dun catedrático; o do administrador é superior ó dun profesor titular de universidade; o dun oficial administrativo do auditorio é similar ó dun profesor asociado e o dun auxiliar ou vixiante é un pouco máis baixo có dun axudante de primeiro ciclo, coa particularidade de que as pagas extras dos profesores universitarios son bastante máis baixas, pois se paga de acordo co soldo sen complementos establecidos para estes colectivos e que eran os seguintes:

CATEGORÍA PROFESIONAL/SOLDO BASE	Ptas brutas/mes
Catedrático Universidade	141.927
Profesor Titular de Universidade	141.927
Profesor Titular de Escola Universitaria	141.927
Profesor Asociado	134.831
Axudantes	113.542

E coa particularidade tamén de que os profesores contratados universitarios, ademais de ter salarios bastante máis baixos cóos profesores de ensinanza medias, móvense na maior das precariedades, con contratos temporais dun, tres ou cinco anos, carecendo de dereitos laborais, democráticos, salariais, ó seren contratados administrativamente, ó no ter convenio colectivo, dereito a incentivos docentes e investigadores, dereito a poder ser elixidos e nomeados para determinados cargos, a poder optar a proxectos, etc.

O presuposto do auditorio de Galicia de 1994 é máis do dobre do presuposto destinado á investigación de tódolos departamentos universitarios, é case o triple de todo o destinado ás residencias universitarias, é case o triple de todo o destinado ás bibliotecas dos centros universitarios, é superior máis de catro veces ó presuposto da biblioteca xeral, é case tres veces superior á partida que destina a Universidade (Consello Social, etc.) ós incentivos-méritos docentes e case oito veces superior ós incentivos de investigación.

O orzamento do Auditorio de Galicia do 94 supera en máis do dobre ó presuposto que destina a Xunta de Galicia, respectivamente, ó Instituto Galego de Estatística, á formación e perfeccionamento do profesorado..., supera amplamente a todo o que destina a Xunta presupostariamente ás

ensinanzas artísticas e case iguala ó que destina á educación especial!!

En materia universitaria e de investigación, o presuposto do Auditorio de Galicia do 94 supera ó orzamento da Xunta de Galicia de 1994 en “investigación científica”, é case o dobre do destinado polo goberno autónomo a “investigación técnica aplicada”, é case sete veces superior a todo o que destina a Xunta, sempre dos seus presupostos xerais, a bolsas universitarias para as tres universidades galegas, e case tres veces superior ó que destina a Xunta a bolsas de terceiro ciclo universitario fóra de Galicia e á edición de publicacións científicas.

E así poderíamos seguir dando conta de relacións moito máis desfavorables para os presupostos universitarios da Universidade de Santiago e do resto das universidades galegas, se os comparamos cos do Auditorio de Galicia e, moito máis aínda, se os comparamos co gastado polo Xacobeo 93 (Xunta de Galicia) e Compostela 93 (Consortio), no ano santo de 1993, en shows musicais e artísticos, que foi de máis de 3.000 millóns de pesetas!! Outro tanto sucede coa subvención concedida a Julio Iglesias, 300 millóns de pesetas!!, en calidade de embaixador “peregrino” plenipotenciario e pluripagado do Xacobeo 93 polo mundo mundial, polo cosmos universal do show business.

Se agora facemos unha comparación do concedido pola Xunta anualmente ós institutos galegos públicos de segunda ensinanza, vemos que o que cobrou Aitana Sánchez Gijón por ler, como moito, un pregón de 3 folios nas festas do “Apóstolo Compostelán”, a cantidade de 2,6 millóns de pesetas!!!, se aproxima ós 3 millóns de pesetas que gastan anualmente os institutos de menos de 400 alumnos para o seu mantemento e actividades. O que cobra Loquillo por unha actuación aproxímase ó que gastan os institutos entre 400 e 600 alumnos, entre 4 e 6 millóns de pesetas (ano 1993). O que cobraron por unha actuación Víctor Manuel e Ana Belén: 7 millóns de pesetas, nas festas do Apóstolo, supera amplamente ó que gastan os devanditos institutos en mantemento e actividades.

O que se pagou ás figuras musicais e artísticas: Loquillo, Gila, Aitana..., nas festas do Apóstolo, supera amplamente ó que destinou a Xunta de Galicia para financiar a tódalas asocia-

ción estudiantís en actividades culturais e artísticas.

Os institutos universitarios de investigación (hai institutos de investigación que figuran só no papel, nas listas oficiais, pero que non figuran presupostariamente, que non teñen asignado financiamento ou que o que teñen é mínimo, porque non realizan actividades. Hai outros que teñen cantidades moi baixas porque, segundo nos informaron, acababan de botar a andar), tamén saen moi mal parados en relación cos cantantes e figuras artísticas, e non digamos xa se os comparamos, ós institutos de investigación, co presuposto do Auditorio de Galicia, cos shows do ano santo, coa subvención a Julio Iglesias, coas subvencións públicas e axudas ó fútbol profesional...

Os presupostos destinados a estes eventos festivo-musicais, de disipación moviedesca ou de “colocóns”, de disipación exquisita e moi culta, de disipación futeboleira..., poderían servir para financiar, de segui-los presupostos en partidas como as sinaladas, ós institutos universitarios de investigación, ás asociacións estudiantís e outras instancias, servicios universitarios, etc. que teñen partidas presupostarias similares, para financiarlos ata o próximo milenio, ata o aniversario dos mil anos de vida da Universidade de Santiago.

Como se pode comprobar en numerosas partidas universitarias especificadas nos devanditos cadros estatísticos, estamos ante cantidades moi pequenas (menos de 10 e 15 millóns de pesetas), que se destinan a un colectivo universitario de máis de 40.000 estudantes nos campus de Santiago e Lugo, de dous mil profesores e mil membros do persoal da administración e servicios, amais de 200 grupos de investigación, 26 centros, 50 titulacións...

Por outra parte e como se pode comprobar nos presupostos sinalados, por poñer por caso o do Instituto Galego de Estatística, as estatísticas oficiais de Galicia, tan importantes para o desenvolvemento socioeconómico, científico... saen bastante malparadas nos presupostos. E moito máis en comparación coas movidas varias, incluídas, por suposto, o fútbol, o rock, a lírica e outros shows da sociedade do espectáculo e da imaxe.

No relativo á Universidade, as prácticas de campo, ás que se destinan 4 millóns de pesetas, supón a espectacular cifra de 100 pesetas por estudante e ano, o que non está nada mal, pois dá

para 20 ou 35 fotocopias por estudante e ano, segundo as ofertas, ou para un café, non en tódolos sitios, ou para ir a “todo a cen”...

Pero, por se non quedara meridianamente claro que a movida é o máis importante, que as movidas merecen tódalas atencións e prioridades, a Universidade de Santiago, se cadra, como lle sobra diñeiro para as súas actividades docentes, investigadoras..., á luz dos presupostos sinalados, ¡¡subvenciona o Auditorio de Galicia con 15 millóns de pesetas!!, bastante máis do que destina individualmente a tódolos institutos de investigación, agás o ICE, máis do que destina anualmente a tódalas asociacións estudiantís, á Oficina de Transferencia de Tecnoloxía e a outras partidas importantes (prácticas de campo, etc.). A Universidade de Santiago tamén subvenciona a rica Fundación Cela con 4 millóns de pesetas e destina, nada máis nin nada menos, que 24 millóns de pesetas ó ano ó Consello Social, organismo pensado para, entre outras cousas, organizar conferencias, o que entra de cheo dentro das actividades da Universidade. Parece razoable que o Consello Social puidese contribuír a conseguir fondos, entre outras cousas, para financiar cursos, seminarios, ciclos de conferencias, etc., que se encargaría de organiza-la Universidade, o que é unha das súas actividades.

O Concello de Santiago, que contou e conta coa Universidade co motor e fundamento do seu desenvolvemento, subvenciona con máis de 30 millóns anuais e outras prestacións importantes, ó “Compos”, ó equipo de fútbol profesional que ten 30 anos de historia e 2 en primeira división. Sen embargo, aínda que se fala constantemente da excelencia universitaria, o Concello de Santiago, en diferentes eventos e ocasións, gasta centos de millóns en movidas musicais, en actividades da sociedade do espectáculo, en publicidade (revistas, folletos, vídeos, etc.) institucional, pero, ata 1995, non destinou subvencións destacables para a Universidade, non contribuíu por medio de fornecemento de locais, edificios, etc. a apoiar á Universidade no relativo á construción de residencias universitarias e outras instalacións de centros universitarios; no tocante ó desenvolvemento de importantes servicios e actividades universitarias, como se vén facendo dende hai anos noutras cidades españolas (Alcalá de Henares onde o concello, en colaboración coa Universidade,

levou a cabo importantes obras de rehabilitación de edificios históricos para destinalos a actividades universitarias) ou galegas (A Coruña), que teñen unha historia universitaria moito máis recente e, por suposto, noutros países.

No Monte do Gozo gastáronse máis de 3.000 millóns de pesetas para habilita-los seus terreos co fin de acolle-los peregrinos no ano santo do 93 e seguintes. Exactamente como se fixo a principios dos 60 co Burgo das Nacións que, despois do ano santo, quedara practicamente inservible e requiría importantes gastos para o seu mantemento. Na Universidade de Santiago, nos cursos 1979-80 e 1980-81 tiveron lugar importantes conflitos universitarios para esixi-la apertura do Burgo como residencia universitaria, o aumento das prazas de residencia, comedores...; para denuncia-la especulación salvaxe da vivenda co alugueiro dos pisos a estudantes. O Burgo das Nacións, convertido en residencia universitaria, prestou importantes servicios. As mobilizacións pola defensa do Burgo das Nacións, pola súa mellora, continuaron ata o curso 1994-95, no que se chegou ó acordo de habilitar no Monte do Gozo 250 prazas para residencia universitaria. Sen embargo, no Monte do Gozo hai cabida para preto de 1500 universitarios nunhas instalacións moi idóneas, que dispoñen de comedores, locais para actividades, espacios deportivos, recreativos... Todo o cal converte este complexo nun espacio moi apropiado para o aloxamento universitario que pode competir cos mellores españois e internacionais. ¿É comprensible e asumible que despois de terse realizado no Monte do Gozo investimentos públicos de miles de millóns de pesetas, teña que estar infrautilizado durante os anos que non hai ano santo, cando pode prestar grandes e rendibles servicios en materia educativa e universitaria?

Acaba de facerse público o gasto na rehabilitación do Teatro Real de Madrid: ¡¡20.000 millóns de pesetas!!, á vez que se fan colectas públicas para rehabilita-las catedrais: hai patrimonios e patrimonios...

Tamén acaba de facerse pública a concesión a Santiago da capitalidade cultural europea. Esta cidade tan premiada culturalmente carece de biblioteca central municipal de usos múltiples, de hemeroteca municipal. Diversos institutos, centros escolares e de FP públicos levaron a cabo

manifestacións e protestas polo estado dos seus centros, instalacións, accesos, por carecer de dotacións mínimas, espazos educativo-culturais (salón de actos, etc.). O orzamento da Consellería de Cultura feito público para 1996 é de 9.225 millóns de pesetas, dos cales se destinan:

- 197 millóns (2,1%) para as “bibliotecas”,
- 181 millóns (1,96%) para a “promoción do libro e da lectura”,
- 155 millóns (1,7%) para os arquivos,
- 360 millóns (3,9%) para os museos,
- 487 millóns (5,27%) para o recién creado Centro Galego de Arte Contemporánea,
- 80 millóns (0,86%) para as “exposicións e artes plásticas”,

— 1.782 millóns (19,3%) para o patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico!!,

— 2.503 millóns (27,1%) para a promoción do Camiño de Santiago,

— 1.425 millóns (15,4%) para a Dirección de Servicios Xerais de Cultura,

— 1.043 millóns (11,3%) para a promoción e cooperación cultural,

— 166 millóns (1,8%) para audiovisuais e fotografía,

— 118 millóns (1,3%) para a difusión e animación socio-cultural, e

— 733 millóns (7,4%) para o teatro, música e danza.

